

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicos os resultados da proba de galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional.

De conformidade co disposto na base quinta da Resolución do 21 de decembro de 2021, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Hacienda e Función Pública, pola que se convoca o concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional (BOE nº 310, do 27 de decembro) e no apartado 4 do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a este persoal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Elevar a definitiva a proposta de valoración formulada pola comisión técnica nomeada por Resolución do 12 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Administración Local, das persoas que a continuación se relacionan, que realizaron a proba de galego o día 19 de abril de 2022, ao participar no concurso unitario de provisión de postos reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional e non acreditar estar en posesión do Celga 4 ou titulación equivalente:

Apelidos e nome	Valoración
Del Riego Santos, María Rosa	Apta

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, os interesados poderán interpoñer recurso

Dirección Xeral de Administración Local
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal



administrativo de reposición, ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

